CONSIDERACIÓNS CAPÍTULO 4 MEMORIA SOCIOECONÓMICA CES 2020

A pandemia provocada pola Covid-19 evidenciou a profesionalidade e implicación dos profesionais do sector sanitario e asistencial aínda que tamén puxo de manifesto a necesidade de redeseñar o mesmo, prestando especial atención ao coidado das persoas maiores e persoas dependentes, garantindo de forma homoxénea a saúde e os coidados da poboación.

O CES alerta da necesidade de comprometer recursos que serán necesarios para facer fronte á atención de toda a actividade adiada pola crise. Neste senso, potenciar a colaboración público-privada, especialmente aquela implicada na innovación sanitaria, faise imprescindible.

Faise necesario incrementar a inversión e dotar de máis recursos á investigación sanitaria ao tempo que será imprescindible preparar e organizar o sistema sanitario a fin de poder dar resposta aos efectos detectados en pacientes infectados polo SARS-COV-2 que en moitos casos presentan síntomas persistentes e alteracións derivadas non só da infección mais tamén dos ingresos hospitalarios e tratamentos recibidos.

O Ces entende que corrixir os desequilibrios sociais debe ser sempre unha prioridade e unha máxima das políticas públicas e considera necesario axustar os sistemas de protección social para que se adapten ás novas realidades que a pandemia puxo de manifesto.

Un ano máis, o CES manifesta a súa preocupación sobre a necesidade de erradicar a violencia de xénero na nosa sociedade e a importancia de dar o apoio necesario ás vítimas que sofren situacións violentas e abusivas para que en ningún caso se sintan desprotexidas.

A complexa normativa medioambiental estrita e en permanente cambio dificulta seriamente a xestión ambiental nas empresas, especialmente nas pemes, polo que o CES considera necesario desenvolver actuacións que contribúan a implementar esta xestión nas mesmas co propósito de alcanzar os ambiciosos obxectivos europeos na loita polo cambio climático.